



Nota de prensa

Escoita e convocatoria solidaria

EROSKI CONVOCA CLIENTES E ONG PARA ELIXIR OS PROXECTOS SOLIDARIOS DO 2022

- Implicará a entidades sociais, traballadores, clientes e cidadanía na elección dos proxectos beneficiarios do seu programa *Céntimos Solidarios*
- Ademais, as entidades sociais pódense inscribir como receptoras de alimentos a través do programa *Desperdicio Cero*
- Entre ambas as dúas iniciativas, EROSKI canalizou máis de 6 millóns de euros no último ano

Elorrio, 30 de agosto do 2021.- [EROSKI](#) puxo en marcha unha iniciativa para recoller as opinións e propostas de entidades sociais, traballadores, clientes e cidadanía de cara a elixir os proxectos sociais beneficiarios do seu programa *Céntimos Solidarios* e as entidades que recibirán os alimentos doados a través do seu programa *Desperdicio Cero* no 2022.

EROSKI deseñou un proceso transparente e altamente participativo para contar coas achegas de toda a sociedade. Xa que logo, non só os clientes e traballadores de EROSKI, mais tamén calquera cidadán interesado, poderá trasladar as súas prioridades e inquiredanzas solidarias. En paralelo, as ONG e outras entidades sen ánimo de lucro poderán presentar os seus proxectos sociais. Finalmente, un Comité Asesor composto por personalidades do mundo cooperativo, do Terceiro Sector e doutros grupos de interese, daralle apoio a EROSKI na elección dos proxectos que mellor encaixen nas causas elixidas pola sociedade civil, que serán os beneficiarios dos *Céntimos Solidarios* doados por EROSKI e polos seus clientes no 2022. A lista dos proxectos seleccionados farase pública en xaneiro do ano vindeiro.

"En EROSKI coidamos que a participación de todos (traballadores, clientes, cidadáns e sociedade civil) é a maneira máis enriquecedora de construír unha iniciativa solidaria robusta, como son os Céntimos Solidarios, que lles poña fácil aos cidadáns e clientes a axuda aos colectivos máis necesitados. Por iso, fieis á nosa natureza cooperativa e ao noso compromiso de escoita, lanzamos esta convocatoria aberta á que convido a todos a participar", explica o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Esta convocatoria solidaria permite, ademais, que as entidades interesadas en seren receptoras de doazóns de alimentos e doutros produtos excedentarios das tendas de EROSKI se inscriban no seu programa *Desperdicio Cero*.

EROSKI creou dous sinxelos formularios dixitais para que as persoas e entidades poidan facer chegar as súas propostas (eros.ki/escucha-solidaria e eros.ki/convocatoria-solidaria, respectivamente).

Programa *Céntimos Solidarios*

A través do programa permanente *Céntimos Solidarios*, os clientes de EROSKI poden facer unha pequena doazón á causa benéfica que estea en marcha en cada momento ao pagaren a súa compra con tarxeta ou móbil. A achega, sempre voluntaria e confidencial, é unha pequena cantidade simbólica de 10 céntimos para compras entre 5 e 30 euros, e de 20 céntimos para compras superiores a 30 euros.

Grazas a este programa solidario doáronse, dende o seu lanzamento en novembro, máis de 2 millóns de euros, que financiaron proxectos de axuda á infancia, á conservación do medio natural, á loita contra o cancro, aos maiores, ás persoas en risco de exclusión social, con minusvalidez ou enfermidades dexenerativas, e a vítimas de violencia de xénero, entre outras.

Programa *Desperdicio Cero*

A iniciativa *Desperdicio Cero* enmárcase na loita de EROSKI contra o desperdicio alimentario. O programa articula un protocolo de actuación que garante a seguridade alimentaria nas doazóns de todos os produtos frescos e de alimentación que, estando en perfectas condicións de consumo, se retiran dos lineais das súas tendas para cumprir co compromiso cos seus clientes de frescura máxima. No 2020, EROSKI doou máis de 4.648 toneladas de alimentos e de produtos de hixiene destinados aos colectivos máis desfavorecidos. Para desenvolver o programa *Desperdicio Cero*, EROSKI xa colabora con máis dun cento de organizacións sociais.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)